

I CAMPEONATO GALLEGO DE TOUCHTENNIS

17/08/2021 OURENSE



Se disputa en un solo día a sets cortos el 17/08/2021 en el centro de la ciudad de Ourense.

Las raquetas las proporciona la organización.

Se juega con una pelota de espuma.

Habrà una jornada de puertas abiertas el 16/08/2021 para todo el mundo que quiera conocer el deporte.

FGTennis

 XUNTA DE GALICIA

 DEPORTE GALEGO

 DEPUTACIÓN OURENSE

 Concello de OURENSE

HEAD

GADIS

fb

Zenit

MARVI

I CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO TOUCHTENNIS.

17/08/2021 OURENSE

- Competición:
 - 1º Campionato Galego Absoluto Touchtennis.
- ORGANIZADORES:
 - Federación Galega de Tenis.
 - Concello de Ourense.
- COMITÉ ORGANIZADOR: FGTenis.
- XUÍZ ÁRBITRO: Marco Casal (Absoluto) y Carlos Coira.
- ADXUNTOS: Marco Casal, Carlos Coira, Gabriel Fernández.
- XUÍZ ITINERANTE: Ricardo Álvarez.
- CONTACTO:
 - Email: torneos@fgtenis.net
 - Teléfono: Absoluto: 667 688 434 (whatsapp)
- DATAS:
 - Xornada de promoción:
 - ☐ O 16 de agosto das 10:00 as 13:00 e das 17:00 as 20:00 horas.
 - ☐ Acceso libre, non é necesario ter material, a organización presta todo o material para poder xogar.
 - Campionato Galego:
 - ☐ O 17 de Agosto Campionato Galego, xornada que se xoga nun so día.
 - ☐ Categorías Absoluta masculina e feminina.
- INSCRICIÓNS:
 - Na web: www.ibertenis.com ata o venres 13 de agosto.
 - Prezo das inscricións: 12,5€
 - O pago da inscrición deberá realizarse a través da pasarela de pago da páxina www.ibertenis.com no momento de realizar a inscrición. Non se permitirán outros formatos de pago.
 - Sen o abono, a inscrición non será considerada válida e ese xogador ou xogadora non se incluírá no sorteo.
- SUPERFICIE: herba artificial.
- BOLA OFICIAL: Touchtennis Oficial
- DATA DO SORTEO: Luns 16 de agosto.

I CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO TOUCHTENNIS.

17/08/2021 OURENSE

- HORARIO PROGRAMACIÓN PARTIDOS: a partir das 10:00 da mañá ata finalización.
- PREMIOS:
 - Trofeos para os campións, campioas e finalistas.
 - Welcome pack para todos os participantes.
- Os cadros, horarios e resultados serán publicados en: www.fgtenis.net e www.ibertenis.com
- **CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO TOUCHTENNIS:**
 - **Categorías:** individual masculino, individual feminino.
 - **Cadros Individuais:** abertos, en función das inscricións poderá organizarse unha fase previa.
 - Sistema de xogo: 2 sets curtos + supertiebreak.

NON É NECESARIO TER RAQUETAS PARA XOGAR, A ORGANIZACIÓN CEDE AS RAQUETAS PARA A PARTICIPACIÓN NA COMPETICIÓN.

Calquera xogador de tenis pode participar sen ter experiencia previa, xa que é moi sinxela a súa práctica.

I CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO TOUCHTENNIS. 17/08/2021 OURENSE

NORMATIVA

1. A competición aplicará as normas do touchtennis.
2. É indispensable ter a licenza federativa en vigor para poder participar neste torneo.
3. Para poder participar nos campionatos galego de touchtennis, os/as xogadores/as que no pertenzan ao espazo Schengen deberán acreditar licenza federativa e residencia en Galicia nun un período de 2 anos para menores de 14 anos e de 3 anos para xogadores/as de mais de 15 anos.
4. Os horarios de xogo non serán oficiais ata as 19:00 h. do día anterior.
5. Todos/as os/as xogadores/as deberán ter disponibilidad total de horarios no día da competición, xa que se xoga toda a competición na mesma xornada.
6. Os/as xogadores/as deberán revisar as listas de aceptación publicadas tralo peche de inscrición. Do mesmo xeito, será obriga dos/as xogadores/as informarse dos horarios dos seus partidos.
7. O Xuíz Árbitro poderá aplicar W.O. a todos/as os/as xogadores/as que non se presenten a xogar 10 minutos despois do momento de entrada na pista.
8. Os/as xogadores/as deberán vestir en pista de forma regulamentaria e axustar o seu comportamento, e o dos seus acompañantes ao código de conduta. Non serán tolerados condutas inadecuadas e que non se axusten ao cumprimento das normas do touchtennis, deberá primar en todo momento o máximo respecto ao resto de compañeiros da competición, acompañantes, membros do equipo arbitral, socios, persoal e instalacións do club organizador.
9. O xuíz árbitro poderá modificar o sistema de xogo por motivos meteorolóxicos ou organizativos.
10. Todas as cuestións non establecidas neste Regulamento serán resoltas polo Xuíz Árbitro ou polos adxuntos. As súas decisións serán inapelables.
11. O cumprimento dos protocolos sanitarios é obrigatorio. Calquera infracción do mesmo pode supoñer a descualificación do deportista.
12. Para a participación no torneo é obrigatorio cubrir a declaración responsable de non ter síntomas nin padecer o COVID 19.

